



**ANEXO B**  
**INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS**  
**ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2020**

**Nº DE PROTOCOLO: 2020-095**

**1.- TIPO DE ACTIVIDADE: SEMINARIO TEMATICO**

**2.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: INCREMENTO DA RENDIBILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS MEDIANTE A MELLORA XENÉTICA**

**3.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:  
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO**

**4.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Enderezo: Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude.

Lugar de Quián, Sergude. 15881 Boqueixón, A Coruña

Concello: Boqueixón

Provincia: A CORUÑA

**5.- COORDINADOR/A RESPONSABLE: MANUEL LÓPEZ LUACES**

Tfno.: 881881801

**6.- INTRODUCCIÓN:**

O sector agrario galego é un dos principais motores económicos da nosa Comunidade Autónoma. É preciso proporcionar aos agricultores e gandeiros instrumentos que permitan incrementar a rendibilidade das súas explotacións cunha diminución dos custos de produción. Neste sentido, a mellora xenética é un instrumento importantísimo e frecuentemente infrautilizado que debe promoverse como ferramenta útil nas ganaderías galegas por varios motivos:

- ✓ É posible utilizar a mellora xenética para mellorar a calidade do leite, incrementando non só a cantidade de kilogramos producidos, senon tamén o seu contido en graxa e proteína. Outra estratexia é traballar respecto do contido en compoñentes como as caseínas que permitirían obter un leite máis apropiado para a produción industrial de queixos, iogures ou requeixón, produtos alternativos ao envasado do leite que deberían promoverse como PLT (Produtos Lácteos Tradicionais) ou como produtos industriais de calidade certificada.
- ✓ Un dos maiores investimentos en términos de custos/beneficios dunha ganadería é a reposición: Mediante a mellora xenética pode contribuírse ao incremento da lonxevidade dos animais dunha explotación diminuíndo a inversión en grupos de animais que se atopan en fases improdutivas.
- ✓ É posible conseguir un incremento da resistencia xenética dos animais as enfermidades: mamites, problemas podolóxicos, enfermidades sistémicas.... o que permite reducir os custos en tratamentos preventivos e paliativos, sempre e cando vaia acompañado dun adecuado manexo do gando e correctas condicións mediambientais.
- ✓ Pode permitir o incremento da eficiencia na conversión dos alimentos (menor cantidade de alimentos para obter maiores producións coa conseguinte mellora medioambiental pola redución da produción de gases de efecto invernadeiro e menores residuos).
- ✓ Coa incorporación da xenómica é posible predecir con gran fiabilidade as características xenéticas dun animal na súa futura etapa produtiva, o que permite eliminar moito antes animais que non cumpren cós requisitos de produción ou de calidade da produción que precisa unha explotación, en función dos seus obxectivos produtivos e de selección.

É preciso promover unha interpretación axeitada da información que se lle suministra ao gandeiro para facer unha selección acertada dos animais dos que se debe obter a recría. A información que proporcina a selección xenética, e que



se pon a disposición dunha explotación, permite a valorización dos seus produtos. Así o cruce industrial aplicado a vacas de desvelle, menos produtivas ou que teñan algún condicionante sanitario que as fagan pouco apropiadas para a recría da súa descendencia utilizando sementais de razas cárnicas que proporcionen becerros con maior valor económico que os obtidos por cruce con razas cruce pode ser unha alternativa que complemente os ingresos nunha explotación leiteira.

Por último, a utilización da xenómica e das ferramentas TIC nas gandeirías pode supoñer unha vantaxe competitiva se se sabe interpretar e utilizar axeitadamente a información que se obtén delas.

## 7.- MATERIAL E MÉTODOS:

O seminario temático abundou no recordatorio de conceptos básicos que compoñen ter claros para a correcta interpretación da información que proporciona a mellora xenética, e tendo en conta que a maioría das persoas asistentes correspondían a un público xoven, en formación e con expectativas de poder incorporarse ao mercado laboral nunha explotación de produción gandeira, se orientou o programa segundo o seguinte índice:

- Presentación e proposta de obxetivos
- Introducción á mellora xenética.
- Nocións básicas sobre xenética.
- Conceptos críticos: fiabilidade das probas, heredabilidade dos caracteres, consanguinidade dos apareamentos.
- A selección de reproductoras na gandeiría e dos sementais para a inseminación artificial. Obxetivos de selección.
- Interpretación de catálogos. Probas internacionais
- Probas xenómicas fronte a selección convencional
- Produción de leite: opcións de mellora. Os apareamentos 1 e 2.
- Mesa redonda e resolución de dúbidas. Conclusións da xornada.

A actividade publicitouse por diversas canles: distribución de carteis en reunións do sector, escolas de formación, correos electrónicos, carteis informativos.... e diversas páxinas web e redes sociais de difusión

[http://www.ciam.gal/sp/index/?r=actividades\\_detalle&id=1331](http://www.ciam.gal/sp/index/?r=actividades_detalle&id=1331)

<https://m.facebook.com/647614821935498/photos/pcb.3777256038971345/3777244825639133/?type=3&source=49&tn=EH-R>

<http://www.coiag.es/seminario-practico-sobre-el-incremento-de-la-rentabilidad-de-las-explotaciones-lecheras-mediante-la-mejora-genetica-2/?lang=gl>

<http://cfeaguisamo.org>

<https://www.campogalego.gal/xornada-tecnica-sobre-mellora-xenetica-en-vacun-de-leite/>

<http://www.findglocal.com/ES/Mabegondo/647614821935498/CIAM>

## 8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Na séptima edición deste seminario, os resultados foron altamente satisfactorios. O tema despertou interese e se cubriron todas as prazas ofertadas e a gran maioría correspondían a persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ao sector primario ou industria transformadora, colaboradores de explotacións familiares, etc.

A demanda tida para esta edición fai pensar na necesidade de ofertar novas edicións.

Se conseguiu o obxectivo final de refrescar conceptos e pautas básicas para a utilización da mellora xenética. Se proporcionou información útil e axeitada para que a súa aplicación práctica nas explotacións poida contribuir ao incremento da rendibilidade dunha explotación cónxeno axeitado das ferramentas que brinda a mellora xenética e se acadou un grado de interacción moi interesante entre o profesorado e os participantes, ao establecerse turnos de preguntas e respostas que clarificaron as dúbidas e inquietudes suscitadas.



## 9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Esta actividade permitiu aos participantes refrescar os coñecementos sobre mellora xenética e aprender a utilizar de xeito crítico a información que proporciona para aplicala axeitadamente para acadar os obxectivos de selección que fixen para unha explotación

En resumo a actividade resultou altamente satisfactoria acadándose os obxetivos perseguidos e, dada a favorable acollida polos participantes, cómpre realizar novas edicións que faciliten o acceso a esta formación ao maior número de gandeiros posible dentro da nosa Comunidade.

## 10.- DATA E SINATURA DO/A COORDINADOR/A:

Mabegondo, 27 de novembro de 2020  
Asdo: Manuel López Luaces

## O/A supervisor/a científico/a (Só no caso dos campos de ensaio)

Asdo.: Manuel López Luaces